

Aversion Fest

Declaración de principios

Por que uns principios

O *Aversion Fest* nace como unha forma de promocionar a música desde a súa base. Queremos preservar esta esencia para sempre, polo que a plasmamos por escrito. Estes principios pretenden explicar, de forma clara e concisa, a filosofía coa que levamos a cabo o festival, alén de dar a coñecela ao mundo.

Independencia e respecto a estes principios

O *Aversion Fest* é un ente independente e autoorganizado. Estes principios son os mínimos básicos que queremos e debemos manter durante todas as edicións do festival. En ningún caso se deben violar baixo ningunha circunstancia, sexa da índole que for.

Prioridade para as bandas amateur

O cartel do *Aversion Fest* debe estar conformado maioritariamente por bandas *amateur*, entendendo por estas aquelas que non “viven” da súa actividade como grupo musical. Tamén, debemos incluír bandas da franxa semi-profesional e profesional, sempre que os recursos o permitiren, para así fomentar a asistencia de público e, pouco a pouco, gañar recoñecemento.

Ámbito de actuación

Traballaremos para establecer o *Aversion Fest* como un punto de encontro e referencia no ámbito internacional. A internacionalización do festival será gradual, de forma que daremos prioridade ás zonas próximas fronte ás máis remotas. En ningún caso o cartel dunha edición estará conformado por unha maioría de bandas internacionais.

Idiomas

A información referente ao festival estará publicada orixinalmente en lingua galega, sen excepcións. Realizaremos traducións para favorecer a internacionalización do festival, priorizando os idiomas dos lugares nativos das bandas que conformen o cartaz. A escolla duns idiomas ou outros farase por un criterio exclusivamente práctico e cunha finalidade meramente comunicativa, en función dos recursos dispoñíbeis.

Valor engadido

Traballaremos por aportar valor engadido ao festival ofertando actividades e servizos. Procuraremos colaborar con outras entidades, xa sexan públicas ou privadas, para enriquecer o contido cultural e artístico de cada edición. Calquera entidade colaboradora debe respectar estes principios e as normas de funcionamento do festival que derivaren disto.

Cultura Libre e DIY

Defendemos e propugnamos a cultura libre e a práctica do “faino ti mesmo” (Do It Yourself). Debemos procurar, na medida do posíbel, fabricar e reparar as cousas por nós mesmos. A autoprodución aforra recursos e permítenos aprender ao mesmo tempo.

Recursos

Entendemos por recursos aqueles activos útiles que nos permiten alcanzar un obxectivo. Valoraremos o tempo e os recursos humanos máis que os materiais, considerando o diñeiro un destes últimos. Faremos uso racional dos recursos, sobre todo daqueles que sexan esgotábeis. Tentaremos reducir ao máximo o uso de recursos que producen residuos e perxudiquen a estabilidade ambiental.